

6

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.
2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio anque non mediara solicitude expresa do interesado.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Beneficios fiscais

1. Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que concurra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Estar inscritos no padrón de Beneficencia como pobres de solemnidade.
 - b) Obter o beneficio xudicial de pobreza, respecto ós expedientes que deben surtir efecto, precisamente, no procedemento xudicial no que foran declarados pobres.
2. Non se tramitará nesta Taxa beneficio tributario algún que non veña establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.
3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 % cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

Artigo 7. Tarifa

As tarifas que se aplicarán para a exacción desta taxa serán as seguintes:

ANTECEDENTES:

- 1.- Pola busca de documentos nos arquivos, oficinas municipais dentro do penúltimo quinquenio.....3,69€
- 2.- Por cada cinco anos anteriores ó mesmo sen poder exceder de 7,24 euros2,26 €

CERTIFICADOS, COPIAS, ACTAS E OUTROS:

- 3.- Por cada certificación ou informe, visados da Alcaldía, recoñecemento de sinaturas, etc., expedida por calquera oficina ou dependencia municipal, nunha folla a un espazo.....3,69 €
- 4.- Por cada folla de papel engadida.....0,36 €
- 5.- Actas de sinistros, incendios e abonos de indemnización de accidentes de traballo..... 3,69 €
- 6.- Informacións testificais de calquera

clase.....3,69 €

7.- As solicitudes referentes á información urbanística ou
confección de informes do mesmo carácter reintegraranse
con:

- Se corresponde a zona RURAL.....17,83 €
- Se corresponde a zona URBANA.....44,56 €

8.- a) As copias realizadas a petición de parte nas máquinas fotocopadoras municipais en
papel A4 reintegraranse cun timbre de 0,12 euros por unidade, e cun timbre de 0,12 euros por
unidade as de formato A3.

b) As copias de planos urbanísticos reintegraranse cun timbre de 3,69 euros por unidade.

BASTANTEO DE PODERES:

9.- Por cada un se se trata de poder notarial.....7,49 €

10.- Por cada autorización..... 3,69 €

COMPULSA DE DOCUMENTOS:

11.- Por cada folio a un espazo a máquina:

- A primeira compulsa realizada 1,14 €
- Cada unha das restantes..... 0,24 €

SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS:

12.- Por cada solicitude de transmisión, manténdose
invariables as condicións obxectivas.....74,26 €

POSTA EN FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓNS:

13.- Por cada licenza de posta en funcionamento
por vez primeira de instalacións suxeitas ó decreto
do 30-XI-61..... 185,71 €

DEREITOS DE EXAME:

14.- Os interesados en participar nos procedementos de selección e promoción de persoal
satisfarán a cota que corresponda dentro das fixadas no seguinte cadro, atendendo á
titulación esixida nas bases aprobadas en cada caso e de acordo coa clasificación contida no
artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público:

clasificación	euros
Subgrupo A1	20,00
Subgrupo A2	20,00
Subgrupo C1	15,00
Subgrupo C2	15,00
Agrupacións profesionais referidas na disposición adicional sétima do Estatuto Básico do Empregado Público	10,00

Artigo 8. Obriga de contribuír

1. Tense dereito a percibi-la Taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.
2. Nos casos a que se refire ó número 2 do artigo 2º, o dereito a percibi-la taxa prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.
3. As cotas son irreducibles, agás nos supostos do epígrafe 14 do artigo 7º, en que procederá a devolución do 50 por cento do importe satisfeito a favor do interesado que formule renuncia expresa a participar nas probas selectivas e solicite a devolución mediante escrito con rexistro de entrada anterior á publicación oficial da lista de admitidos. Á mesma porcentaxe de devolución terá dereito quen, figurando na lista definitiva de excluídos, presente o escrito de solicitude no prazo de un mes a partir da correspondente publicación.
4. Nos procedementos de selección do persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma.

Artigo 9. Declaración e ingreso

1. A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.
2. Os escritos recibidos polos conductos a que se fai referencia no artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para o que se requirirá ó interesado para que no prazo de dez días, aboe as cotas correspondentes; co apercibimento de que, transcorrido o dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.
3. O pagamento desta Taxa poderase esixir en efectivo, substituíndose o selo municipal por

un recibo duplicado, un dos exemplares unirase ó escrito e outro á copia que se devolve ó interesado.

Artigo 10. Infraccións e sancións

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1-1-1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Aprobación: Pleno 19.10.1989

Publicación B.O.P.: 27.12.1989

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 30.12.1993	25.03.1994
2ª	Pleno 09.10.1998	30.12.1998
3ª	Pleno 10.11.2000	13.02.2001
4ª	Pleno 13.12.2002	12.03.2003 e 27.03.2003
5ª	Pleno 10.11.2003	26.12.2003
6ª	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
7ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
8ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
9ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
10ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008
11ª	Pleno 04.11.2010	29.12.2010
12ª	Pleno 02.12.2013	3.02.2014